



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS OITENTA E DÚAS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA SETE DE FEBREIRO DE DOUS MIL TRECE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do sete de febreiro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xosé Luís Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Alicia Martínez González, D. José Angel Lodeiro Cancela, D^a. Angel Moldes Martínez, D. Juan Jose Rodríguez Grandal, D^a. M^a Mar Villaverde Rosales, D. Manuel Domínguez Alvarez, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Consuelo Besada Lores e D. Gregorio L. Agís Gómez. Escusa a non asistencia á reunión a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez e asiste como secretaria acetal do Concello, Consuelo De La Peña Costoya. Reuníronse no Salón de Sesiões en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3788.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO EXERCICIO 2013.- Dáse conta do expediente tramitado, Informe da Intervención Municipal de data 28 de xaneiro de 2013 e da proposta da alcaldía da mesma data pola que se propón aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2013 polo importe de 9.870.587,66 € en virtude do exposto no artigo 30 da lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Con data 4 de febreiro de 2013 sométese dito expediente á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas emitíndose o seguinte ditame, ao que procede a dar lectura íntegra a Secretaria presente na sesión explicando o erro material acontecido no mesmo en relación á cantidade ditaminada e que corrixe na lectura: “Dáse conta do expediente, da Proposta da Alcaldía de data 28 de xaneiro de 2013 na que se propón ao Pleno acordar a aprobación do límite de gasto non financeiro para o exercicio 2013 por importe de 9.870.587,66 euros e do informe da Intervención de data 28 de xaneiro de 2013 que, textualmente di o seguinte: “ O artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira dispón que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Respecto á coherencia coa regra de gasto, de acordo co artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, a variación do gasto computable das corporacións locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, salvo que exista un equilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda pública superior ao obxectivo establecido.

De acordo cos seguintes apartados do artigo, o gasto computable correspondente o exercicio 2012 ascende a 8.854.035,49 euros, calculados como segue:

Empregos non financeiros 2012 (1)	9.555.755,33 €
Intereses da débeda (2)	204.984,14 €
Gasto financiado con fondos finalistas (3)	495.492,51 €
Axustes SEC (4)	1.243,49 €
GASTO COMPUTABLE 2012 (5) ((1)-(2)-(3)-(4))	8.854.035,49 €

(1) Previsión obrigas recoñecidas dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos exercicio 2012

(2) Previsión obrigas recoñecidas Capítulo 3 do estado de gastos exercicio 2012

(3) Previsión gastos financiados con fondos Administracións Públicas 2012

(4) axustes SEC 95 que inciden nos gastos: neste caso o axuste correspondente as obrigas pendentes de aplicar o Orzamento (conta 413), que, segundo o Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado as Corporacións Locais, da Intervención xeral da Administración do Estado, se calcula pola diferenza do saldo da mencionada conta 413 a un de xaneiro, neste caso do exercicio 2012, e a 31 de decembro: así, como o saldo final da conta (a 31/12/2012) é menor co inicial (a 1/1/2012) a diferenza dará lugar a un axuste como menor gasto non financeiro; sendo o saldo final da conta 413 a 31/12/2012 938.014,29€ e o inicial a 1/1/2012 939.257,48€ o axuste que se realiza ascende a cantidade de -1.243,19€.

A partir do informe de situación da economía española de data 20 de xullo de 2012, a Taxa de referencia aos efectos de aplicar a regra de referencia para o ano 2013 é do 1,7. Polo tanto o Gasto computable actualizado ascende a 9.004.554,09 euros:

GASTO COMPUTABLE 2012 (5)	8.854.035,49€
Taxa de referencia (6)	0,017
GASTO COMPUTABLE ACTUALIZADO 2013 (7) ((5)*(6))	9.004.554,09 €

Por outra banda, en aplicación dos apartados 4 e 5 do artigo 12, cando de aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se obteñan os incrementos de recadación poderá aumentar na contía equivalente.

Así mesmo, cando se aproben cambios normativos que supoñan diminucións da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se produzan as diminucións de recadación deberá diminuírse na contía equivalente.

GASTO COMPUTABLE ACTUALIZADO 2013 (7) ((5)*(6))	9.004.554,09 €
Incrementos permanentes de recadación (8)	496.601,93 €
Diminucións permanentes de recadación (9)	0,00 €
GASTO COMPUTABLE MÁXIMO 2013 (10) ((7)+(8)-(9))	9.501.156,02 €

(8) Incremento do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza Urbana en virtude do Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro:410.000,00 €

Incremento da Taxa polo servizo de subministro de auga por modificación da Ordenanza fiscal: 20.032,79€

Incremento da Taxa polo servizo de saneamento por modificación da Ordenanza fiscal:29.569,14€

Incremento da Taxa polo servizo de recollida e tratamento de lixo por modificación da Ordenanza fiscal:37.000€

O límite de gasto non financeiro sería a suma do gasto computable máximo no exercicio 2013, os intereses de débeda (capítulo III do estado de gastos) e os gastos financiados con fondos finalistas de Administracións Públicas:

GASTO COMPUTABLE MÁXIMO 2013 (10) ((7)+(8)-(9))	9.501.156,02 €
Intereses de débeda 2013 (11)	152.000,00 €
Gastos financiados con fondos finalistas (12)	217.431,64 €
LÍMITE GASTO NON FINANCIERO 2013 (13) ((10)+(11)+(12))	9.870.587,66 €

Polo que respecta á coherencia co obxectivo de estabilidade orzamentaria, o artigo 3 da LOEOSF dispón que a elaboración dos orzamentos dos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación da Lei (entre os que se atopan as Corporacións Locais), realízase nun marco de estabilidade orzamentaria. O artigo 11.4 da mesma norma regula a instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria para as Corporacións Locais, que deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario. Isto implica que **o gasto non financeiro (suma dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos), non poderá superar o importe da previsión de ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7 do**

estado de ingresos), isto é, non poderá superar a cantidade de 10.430.000 euros.

Así, deberá terse en conta como límite do gasto non financeiro a menor das dúas cantidades antes calculadas, para cumprir tanto coa regra de gasto como co obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Polo tanto o límite de gasto non financeiro para o Orzamento do Concello da Poio para o exercicio 2013 ascende o importe de 9.870.587,66 euros. En virtude do exposto, a suma das consignacións dos capítulos 1 a 7ⁱ do Estado de Gastos do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2013 non poderá superar a contía exposta como límite de gasto non financeiro.”

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a aprobación do límite de gasto non financeiro para o exercicio 2013 por importe de 9.870.587,66 euros. ”.

Neste momento entra no Salón de Sesións as Concelleiras D^a. Celeste Nieto García e D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación, por unanimidade de votos e en virtude das atribucións conferidas polo artigo 22 da lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime xeral e de conformidade co disposto no artigo 30 da lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2013 polo importe de 9.870.587,66 €.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención para os trámites sucesivos do expediente.

3789.- APROBACIÓN ORZAMENTO XERAL EXERCICIO 2013.- Dáse conta pola Secretaria á Corporación do expediente tramitado ao abeiro do disposto no artigo 162 e ss do Real decreto lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais que contén a seguinte documentación: memoria da presidencia, informe de intervención, estado de gastos e ingresos, bases de execución do orzamento, estado da débeda, informe económico-financeiro, plantilla de persoal, anexo subvencións nominativas e liquidación exercicio 2011 e avance exercicio 2012.

Consta no expediente providencia da alcaldía de data 28 de xaneiro de 2013 polo que se dispón previo informe da intervención e ditame da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas a aprobación inicial do orzamento xeral municipal para o exercicio 2013 en todos e cada uns dos estados e anexos e bases de execución do orzamento por un importe total de 10.540.000 € así como aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito número 2/2013, por importe total de 291.819,18 €.

Incorporado con data 31 de xaneiro de 2013 informe emitido pola Secretaria Xeral sométese o expediente a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas en sesión extraordinaria realizada o 04 de febreiro de 2013, emitíndose ditame favorable.

Comeza a quenda de intervencións :O Sr. Barreiro Lubián ,explica o contido dos orzamentos elaborados ,manifestado que se trata dun orzamento moi axustado e sen investimentos, que se adapta aos tempos de crise que estamos a soportar, se reducen os ingresos , aínda que soben un 8% con respecto ao 2011 .Destaca que a finais de ano estaremos nun nivel de endebedamento do 75%.

A Sra. Besada Lores di que no ano 2012 traballouse co orzamento prorrogado do ano 2011, pero este ano consideramos necesario aprobar o orzamento, é un avance , é un orzamento “bo” ,aínda que non teña moito investimento, soamente, a parte que temos que aportar ao convenio de Saneamento As Testadas, un 50% do orzamento do proxecto. Tamen comenta a nova lexislación sobre pago das facturas a 30 días , di que é inviable, e non o dicimos nos, dino os técnicos

O Sr. Moldes Martínez di que queren ser obxectivos, e consideran que dentro dunha organización o presuposto

é o documento máis importante do ano. Non hai investimentos de forma directa e votamos en falta a dotación de aplicacións como a ampliación do cemiterio municipal e a achega para o convenio de Aquanorte, SA.

Fálase dun incremento con respecto ao exercicio 2012, cousa normal si tamén soben os gastos, nos seguimos pensando que non é forma de gobernar, non existe control do gasto, no exercicio 2012 gastouse 1.000.000 € máis do presupostado que xa se imputou ao exercicio 2013, onde hai partidas que xa non teñen crédito polo tanto consideramos que se trata dun orzamento insuficiente que non corrixe os erros dos exercicios 2011 e 2012. O Sr Moldes tamen fala das de como se compensan horas extras .

Desde o equipo de goberno dicides que a débeda do concello a finais de ano estará nun 75%, pero sen embargo do informe de intervención non se sacan esas conclusións, dado que se fala dunha débeda viva do 80%.

O Sr. Barreiro Lubián di que no ano 2013 non se fan investimento, non é unha novidade, é un reflexo de todo o país, poderíamos rebaixar aplicacións para facer investimentos, pero como temos que dar os servizos que reclama á veciñanza, cos medios que temos non podemos investir mais. Con respecto as horas extras, si se fan e son necesarias, témolas que retribuír, xa sexa mediante compensación económica ou mediante permisos. As necesidades solvéntanse cando acontecen e se temos que acudir aos recoñecementos extraxudiciais é porque se pode, xa que a lexislación contempla estas fórmulas.

Con respecto aos investimentos que votan en falta: Aquanorte, non temos porque orzamentar cantidade ningunha se o investimento vaise realizar no ano 2015. Con respecto ao cemiterio municipal, a fórmula que se vai empregar e mediante autofinanciamento, a través da venda das parcelas para a construción dos panteóns.

Con respecto ao endebedamento consideramos, que si, que estará no 75% ao remate do ano, porque as previsións de ingresos son maiores, aínda que moitos se empeñen en que non cheguen as subvencións, e tamén destacar que os gastos correntes incrementáanse moito debido ás políticas que implanta o PP de incrementar os impostos indirectos, e despois votan en contra dun incremento de taxas neste concello, que non supón nin sequera o 6%.

O Sr. Agís Gómez di que no referente ás horas extraordinarias hai que compensalas porque efectivamente se realizan polos empregados deste Concello

O Sr. Moldes Martínez manifesta que non están en contra de que se fagan horas extraordinarias, para realizar traballos que son urxentes e necesarios, pero observan un repunte neste gasto, en vísperas de eleccións, nas que se realizan horas mañá, tarde e noite e incluso se pagan comidas. Indícalle a concelleira do PSOE que si se ingresase máis do que está previsto, podería facer ese proxecto pioneiro de becas que anuncia o partido socialista.

Pero a realidade deste orzamento é que non acerta coa realidade de Poio non corrixindo os erros de anos anteriores.

Con respecto o comentario do repunte das horas extras, e de outros aspectos, o Sr. Barreiro Lubián di que é verdade que a nosa forma de gobernar non coincide ca súa, nos cumprimos as promesas e vos soamente as facedes.

Pagamos aos provedores, non, no prazo establecido a través dos decretos do goberno, porque todos sabemos que pagar unha factura a 30 días da súa emisión é imposible.

Ninguén dixo neste salón que os orzamentos son maravillosos, estamos a falar dun orzamento para aguantar, nestes tempos de crise.

A débeda amortízase en case 700.000 € e xa dixemos no pleno anterior que isto suponlle a cada veciño 400 e nada comparado coa débeda da Xunta ou do Estado.

A Sra. Besada Lores responde ao Sr. Moldes, que o goberno central sobre impostos, baixa ou elimina becas, e nos, como pensamos, que todos teñen dereito á educación universitaria, e non soamente, aqueles que teñen máis poder adquisitivo, cando poidamos implantar ese proxecto pioneiro de “becas”, farémolo, penso que será para o curso vindeiro a partir do mes de setembro.

Unha vez rematado a quenda de intervencións o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención, en virtude do disposto no artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e artigo 162 e seguintes do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei reguladora de facendas locais adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo formulado pola Intervención Municipal no seu informe emitido con data 31 de xaneiro de 2013 e aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito número 2/2013 polo importe de total de 291.819,18

€, segundo a relación de facturas que obran no expediente.

Segundo: Aprobar inicialmente o proxecto xeral de orzamento municipal para o exercicio 2013 en todos e cada un dos seus estados e anexos e bases de execución do orzamento por un importe total de 10.540.000 €.

Terceiro: Dispoñer a publicación mediante anuncio que se publicará no BOP de Pontevedra, por un prazo de 15 días hábiles, para que os interesados presenten as alegacións que estimen por oportuno.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e corenta minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretaria acctal, dou fe.

